

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAMBRE

Aprobación inicial das bases e convocatoria do “XIX Torneo Municipal de Xadrez Agosto en Cambre”

ANUNCIO

A corporación municipal en Pleno, en sesión ordinaria de data 29 de xullo de 2019, celebrada con carácter supletorio da correspondente ao 26 de xullo, aprobou inicialmente as bases da XIX edición do Torneo xadrez agosto en Cambre, así como a súa convocatoria, transcribíndose integramente a continuación o texto das citadas bases:

«XIX AGOSTO EN CAMBRE

Primeiro.–O “XIX Agosto en Cambre” celebrarase no pavillón Sofía Toro de Cambre (rúa Wenceslao Fdz Flórez, CP 15660 Cambre) o día 17 de agosto de 2019.

Segundo.–Este torneo será válido para o IV Circuito Intercomarcal de xadrez activo Deputación da Coruña.

Terceiro.–Xogarase por sistema suízo a sete ou oito roldas dependendo do número de xogadores. O ritmo de xogo será 10 minutos por xogador + 3 segundos por xogada.

Cuarto.–O torneo será válido para a obtención de ELO internacional de xadrez rápido.

Quinto.–O torneo comezará coa presentación dos xogadores ás 15.45 e rematará coa entrega de premios ás 21.30.

Sexto.–A orde de aplicación dos sistemas de desempate será: 1.º resultado particular, 2.º buholz brasileiro, 3.º buholz total e 4.º APRO.

Sétimo.–Os emparellamentos realizaranse por sistema informático contra o que non se poderán presentar reclamacións.

Oitavo.–Non haberá comité de competición, as decisións do árbitro son inapelables.

Noveno.–É necesario estar federado na tempada actual para poder inscribirse no torneo.

Décimo.–As inscricións son gratuítas e realizaranse antes do xoves 15 de agosto ás 21.00 mediante o email escolaxadrezsigras@hotmail.com ou deportes@cambre.org

Décimo primeiro.–O pagamento efectuarase mediante transferencia bancaria. Con carácter previo ao pagamento comprobarase que os premiados estean ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social. Para o pago dos premios é necesario a presentación do NIF, NIE ou documento que acredite a identidade do deportista. A organización facilitará unha ficha aos premiados para cumprimentar os seus datos fiscais e asinarán unha autorización para comprobar que estean ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Décimo segundo.–Todo o non especificado nestas bases rexerese polas normas e regulamento da FIDE.

Décimo terceiro.–Os participantes no torneo autorizan a publicación dos seus datos persoais nos diferentes medios de comunicación que a organización considere oportunos para a necesaria difusión do evento (listado de resultados, clasificacións, participantes, fotos...).

Décimo cuarto.–A participación neste torneo supón a aceptación destas bases.

Décimo quinto.–Para o financiamento dos premios deste torneo existe crédito por importe de 800,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2019 341 48100 “Becas e premios promoción Deporte” no actual orzamento municipal.

Décimo sexto.–Os premios do torneo serán os seguintes:

1.º clasificado: 200 € + trofeo

2.º clasificado: 100 € + trofeo

3.º clasificado: 80 € + trofeo

4.º clasificado: 60 € + trofeo

- 5.º clasificado: 50 € + trofeo
- 1.º FIDE<2000: 50 € + trofeo
- 1.º FIDE<1800: 50 € + trofeo
- 1.º FIDE<1600: 50 € + trofeo
- 1.º local: 70 € + trofeo
- 2.º local: 40 € + trofeo
- 1.º sub-18: 50 € + trofeo
- 1.º sub-16: trofeo
- 1.º sub-14: trofeo
- 1.º sub-12: trofeo
- 1.º sub-10: trofeo
- 1.º sub-8: trofeo

O presente acordo publicárase no Boletín oficial da Provincia e abrírase un prazo de información pública e audiencia aos interesados de trinta días a partir do día seguinte á publicación do referido anuncio, co fin de que poidan presentarse as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, segundo o establecido no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

No caso de que non se presenten, entenderase definitivamente aprobadas as Bases e a convocatoria, e publicárase no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e na paxina web municipal.

Darase traslado á Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) da aprobación das bases, da convocatoria, e comunicárase o extracto da convocatoria á BDNS, co fin de que esta lle dea traslado ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación, segundo o disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Cambre, 31 de xullo de 2019.

O alcalde

Óscar A. García Patiño

2019/6445